

Per.

Lingua e Administración

mente a denominación dos nosos pobos. Para tal fin adunamos un cuestionario que debe ser cuberto e enviado por todos aqueles que desexen colaborar connosco.

Xosé González M.

A Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia, seguindo os fins para a que se constituiu, quere facerlle chegar á Consellería da Presidencia da Xunta de Galicia a razón de tódolos sinais que reflexen incorrecta-

O artigo 10.1. da Lei 3/1983, de Normalización Lingüística establece que "Os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a Galega". É dicir que non é posible ningunha tradución dos mesmos ao pretexto de non desorientar os automobilistas. A Xunta de Galicia (D.O.G. n.º 192, do 2 de outubro de 1984) mediante o Decreto n.º 10.000/84 de setembro, determinou os nomes oficiais dos Concellos de Galicia nos que

A CREACIÓN DA SECCIÓN DE LINGUAXE ADMINISTRATIVA NO INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

O pasado día 20 de decembro de 1984, tivo lugar na sede do Instituto da Lingua Galega o acto de sinatura dun convenio no que estaban dunha banda a Universidade de Santiago e o Instituto da Lingua Galega e da outra diversas institucións públicas: a Consellería da Presidencia da Xunta de Galicia, o Goberno Civil de Pontevedra e maioritariamente concellos (ata a data son uns trinta os asinantes do convenio).

O obxecto do convenio fúndase nunha serie de fins moi concretos: elaborar no prazo dun ano un Formulario de procedemento administrativo, un Formulario de documentación municipal e un Vocabulario xurídico-administrativo bilingüe, cun número de voces non inferior a 3.000.

Para a elaboración deste material, créase no Instituto da Lingua Galega unha sección de linguaxe administrativa na que se integran como traballadores unha serie de especialistas en filoloxía, dereito e outras materias, con bolsas que se financian coa aportación económica dos organismos que asinan o convenio: 2 pesetas por habitante e ano é o establecido para os concellos.

Coidámos que non é necesario insistir na importancia de accións deste tipo polo que teñen de novidoso tanto no tipo de traballo en si (o idioma galego está moi necesitado de traballos que o fagan aplicable correctamente a tódolos eidos) como no modo en que se leva a cabo: mediante a cooperación entre unha institución que os debe producir (a Universidade) e as que deben "consumir" este tipo de mate.

Desde esta revista queremos manifestar a nosa felicitación a tódalas institucións que levaron a bo término a sinatura do convenio, así como o noso desexo de que se sigan a producir no país outro tipo de accións de carácter concreto a prol da normalización da lingua. Sen que esquezamos que a propia "Asociación de funcionarios para a normalización lingüística de Galicia" xogou o seu papel na posta en marcha desta iniciativa, por canto foi a que nun primeiro momento incitou ó Instituto da Lingua Galega a porse en contacto con tódalas institucións públicas de Galicia para a creación desta sección de linguaxe administrativa coa sinatura do convenio polo medio.

Nos traballos que vai levar a cabo esta sección de linguaxe administrativa debe porse o empeño de moita xente interesada na normalización no ámbito da administración. Para que toda persoa que se sinta interesada poida colaborar con esta sección, na páxina desta revista adicada á terminoloxía inclúese un modelo de ficha lexicográfica de traballo, que calquera funcionario pode manexar con facilidade e posteriormente enviar á citada sección. Isto é calquera persoa interesada no labor de recolleita de material léxico administrativo pode facelo través de fichas dese tipo que logo poden ser contrastadas na sección de linguaxe administrativa.

SUMARIO

- A creación da sección de linguaxe administrativa no Instituto da Lingua Galega
- O marco xurídico. Sobre o cumprimento da Lei en materia de toponimia, por Xosé González Martínez 2
- A linguaxe administrativa: Galego antigo e galego actual, por X. Henrique Monteagudo 3
- A cuestión do vocabulario científico, por Xesús Ferro Ruibal 4
- Modelos de documentos administrativos: os certificados por Xermán García Cancela 4
- As dependencias administrativas: A Universidade, por Fernando Tato e A. Isabel Boullón 7
- Cuestións de gramática: Algunhas cuestións gráficas, por Carlos Díaz Abraira 8
- Onde/onda/onda non, por Carme Arés Vázquez 8
- Bibliografía: Sobre os dicionarios galegos, por María Miramontes e Mercedes Penoucos 9
- Outras publicacións de actualidade, por Xosé González Martínez 10
- Terminoloxía: Unha ficha de consulta 10
- "A ignorancia das leis non excusa do seu cumprimento", por Sara Thisdall 11
- A Asociación de Tradutores galegos, por Valentín Arias 12

CONSELLO DE REDACCIÓN

- Carlos Díaz Abraira
- Xermán García Cancela
- Xosé González Martínez
- María Xesús Miramontes Castro
- Mercedes Penoucos Castiñeiras
- Xosé Torres Romar
- DESEÑO:
- M. Janeiro
- F. Mantecón

EDITA "ASOCIACION DE FUNCIONARIOS PARA A NORMALIZACION LINGUISTICA DE GALICIA"

o marco xurídico

SOBRE O CUMPRIMENTO DA LEI EN MATERIA DE TOPONIMIA

O artigo 10.1. da Lei 3 / 1983, de Normalización Lingüística establece que "Os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a Galega". É dicir que non é posible ningunha tradución dos mesmos so pretexto de non desorientar ós automobilistas. A Xunta de Galicia (D.O.G. n.º 192, do 5 de outubro de 1984), mediante o Decreto 146/1984, do 27 de setembro, determinou os nomes oficiais dos Concellos de Galicia nos que existen Notarías. Anteriormente a Deputación Provincial de Pontevedra sinalizara as estradas da súa competencia seguindo os criterios fixados, en materia toponímica, pola Comisión que a estes efectos se constituíra na etapa preautonómica, 1979.

Malia este marco xurídico as nosas institucións públicas na súa maior parte, seguen sen facer caso do mandato imperativo. Concellos, Deputacións, Consellerías, Administración Periférica do Estado, Xulgados e Audiencias seguen facendo caso omiso dunha Lei que obriga a todos e fundamentalmente ás Administracións Públicas.

Chama a atención que as instancias xudiciais -precisamente as encargadas de impartir xusticia e de velar polo cumprimento das Leis- sigan utilizando os topónimos incorrectos nas sentencias, requisitorias, edictos, etc. O aforismo xurídico "iura novit curia" (o tribunal coñece o dereito) semella non rexer neste eido.

O Ministerio de Obras Públicas deu en colocar novos sinais nas estradas de competencia estatal seguindo un criterio que é ilegal. Utilízase a "tradución"; se é que se lle pode chamar así ás deformacións toponímicas (exónimos) (Ourense/Orense, A Coruña/La Coruña, etc.) Consideramos que esta decisión é perfectamente recorrible por infrinxir unha norma emanada do Goberno Galego, único con competencias para a determinación dos nomes oficiais "dos concellos, dos territorios, dos núcleos de poboación, das vías de comunicación interurbanas e dos topónimos de Galicia" (art. 10.3., da devandita Lei de Normalización Lingüística).

A Xunta de Galicia non recorreu tal decisión e isto parécenos grave.

A Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia, seguindo os fins para a que se constituíu, quere facerlle chegar á Consellería da Presidencia da Xunta de Galicia a razón de tódolos sinais que reflexen incorrecta-

mente a denominación dos nosos pobos. Para tal fin adxuntamos un cuestionario que debe ser cuberto e enviado por todos aqueles que desexen colaborar connosco.

Xosé González M.



ESTUDIO DA SINALIZACIÓN VIARIA

Nome do informador
Teléfono
Enderezo

1. Data da observación..... de 19...
2. Localización exacta da observación.

Estrada
Km: Localización:

3. Tipo de sinal (márquea cunha cruz "X"):

Sinal de Sinal urbana Outras estradas

4. Organismo presumiblemente competente.

Xunta de Galicia Ministerio de Obras Públicas

Deputación de

Concello de

Outras

5. Texto completo do sinal (suliña-los erros): Sinatura:

Enviar este cuestionario a "LINGUA E ADMINISTRACIÓN"
Apartado de Correos, 114. SANTIAGO DE COMPOSTELA

(1)

(Nome e apelidos de quen certifica)

Comparemos estas dúas series de vocabulario:

GALEGO	CASTELÁN	FRANCÉS	INGLÉS
cuca	laza	lasse	cup
carballo	carballo	chêne	dog
can	perro	chien	dog
picteiro	saúco	sucre	chocolate
pai	padre	père	father

GALEGO ANTIGO E GALEGO ACTUAL*

En números anteriores de "L.A." temos xa comentado como o galego tivo uso escrito como lingua normal de Galicia durante os séculos XIII, XIV e XV. A multitude de textos en galego que nos chegaron desta época móstranos claramente como foi evolucionando este uso escrito e formal da nosa lingua, competindo primeiro co latín, e máis tarde recuando fronte á presión do castelán. Nos vellos manuscritos en pergamino tamén nos aparecen en lingua galega os regulamentos dalgúns gremios que funcionaban nas cidades e vilas da Galicia medieval, dos cales nos interesa hoxe referirnos ó **Gremio dos Cambeadores** de Santiago de Compostela, no que se sindicaban os que poden considerarse os devanceiros dos actuais traballadores da banca.

O gremio dos Cambeadores

A orixe deste gremio hai que busca-la no intenso trafego de peregrinos extranxeiros que viñan visita-la tumba do Apóstolo, e que precisaban cambia-las súas moedas. O **Gremio dos cambeadores** (hoxe diríamos cambiadores) naceu para protexe-los seus membros da competencia desleal e dos abusos das autoridades, ó tempo que, instaurando un tipo de cambio oficial, prevía os peregrinos contra os enganos, fraudes e estafas. Tamén realizaba labores de beneficencia cos peregrinos, preocupándose do seu aloxamento, e coidaba do culto na Catedral, para que se mantivese coa dignidade e esplendor que a súa do santuario reclamaba.

Como dixeran, durante a Idade Media, o Gremio dos cambeadores tivo unha intensa vida, que se reflexa nos documentos que chegaron ata nós. Coido que a lectura dalgúns fragmentos deles pode resultar ilustrativa para os galegos de hoxe, pois, vendo o uso que o galego tivo antigamente, poden comezar a perder algúns prexuízos que atribúen á nosa lingua incapacidade, ineficacia ou imper-

tinencia para tódolos usos e situacións que non sexan vulgares, coloquiais ou literarios. Se o galego foi lingua instrumental noutros tempos, tamén pode sê-lo nos nosos días, con maior razón aínda. Voulles mostrar tres fragmentos de textos antigos, todos relacionados co **Gremio dos cambeadores**, e vostedes mesmos xulgarán.

Algúns documentos

O primeiro deles está tirado dun documento de concordia (unha avenza, diríamos hoxe, unha "aviñça" dicían naqueles tempos) entre os cambiadores e outro gremio moi importante da Compostela baixomedieval, os ourives, artesáns que traballaban o ouro, no que frecuentemente se inclúen os prateiros ou traballadores da prata. O documento está datado en 1298, e despois da fórmula introductoria di así (adapto libremente do galego medieval, para facilita-la súa comprensión, respetando o que nos interesa comentar):

«Que os cambeadores deben da-las candeas da Cofradía ós ourives e ás súas mulleres e ós seus fillos do mesmo xeito que a sí mesmos no seu pagamento, e dárnelles viño ás festas así como o dan ós cambeadores e ós outros cofrades. Deben tamén facelos ementar nas misas e nas oracións que dixeran polos cofrades dos cambeadores e iren ó seu enterro e usar con eles nas outras cousas que aquí están escritas, así como foi costume desde vello» (1).

Neste caso, tanto cambeadores como ourives están representados polas respectivas cofradías, que deben a súa existencia á estreita dependencia destes traballadores das autoridades da Catedral (arcebispo e cabido), arredor da cal instalaban os seus postos de venda. Non é de extrañar, polo tanto, que no documento se trate das obrigas relixiosas duns cos outros. Neste fragmento interesa fixármolos na palabra

pagamento, que era a de uso xeral no galego medieval para o castelán pago. A palabra **pagamento** debe ser recuperada para o galego actual.

Imos ver agora un curioso párrafo das ordenanzas do **Gremio dos cambeadores** de 1490 (século XV), tamén redactada en galego, nunha época en que o noso idioma estaba en franco proceso de decadencia entre os estamentos nobres e na vida oficial. Por esta disposición, faise obrigatorio o uso do galego nas operacións de cambio, aínda que se admite tamén o emprego do castelán:

«Que ningún cofrade da dita cofradía cando estea a cambiar poida falar ningunha lingua extranxeira aínda que a saiba, senón unicamente a nosa lingua galega ou a castelá. Séndolle visto ou probado que fala outra lingua cos que quixeren cambiar, que pague por cada vez unha libra de cera á dita cofradía e o vicario o poida peñar logo por ela e que o degrade por quince días do cambio de maneira que non poida poñer ucha nin cambiar, aínda que si contar» (2).

Seguiremos no próximo artigo comentando algunhas curiosidades útiles que nos irán mostrando que se o galego era a lingua de uso normal en Galicia hai xa setecentos anos para moitas actividades das que hoxe se atopa excluído, temos que aproveitar tódalas oportunidades que se nos ofrecen hoxe para reintroduci-lo nelas. Non é unha tarefa que se poida realizar sen esforzo, pero paga a pena.

HENRIQUE MONTEAGUDO ROMERO

(1) Texto adaptado de Antonio López Ferreiro, **Fueros municipales de Santiago y su tierra**, Santiago, 1895 (reimpreso por Ediciones Castilla, Madrid, 1975), p. 113.

(2) Texto adaptado de **Prosa galega 3**, editada pola Cátedra de Lingua e Literatura Galega, Vigo, Galaxia, 1979, p. 246.

* Tirado de Outeiro, publicación de Caixa Galicia, n.º 15, dec. 84.

A CUESTION DO VOCABULARIO CIENTIFICO

Comparemos estas dúas series de vocabulario:

	GALEGO	CASTELÁN	FRANCÉS	INGLÉS
A	cunca carballo can bieiteiro pai	taza roble perro saúco padre	tasse chêne chien sureau père	cup oak-tree dog eldertree father
B	bioloxía derivada integral ecuación funcional	biología derivada integral ecuación funcional	biologie dérivée intégrale équation fonctionnelle	biology derivative integral equation functional

Unha simple ollada ós dous cadros de riba chega para vermos que hai unha radical diferenza entre o cadro A (léxico ordinario) e o B (léxico científico). No léxico ordinario as linguas diferéncianse moito, ata o extremo de que, sen

coñecementos abondos dunha lingua allea, é difícil ler unha novela nesa lingua. En cambio, no léxico científico as diferencias entre as linguas son tan pequenas que, con mínimos coñecementos de francés ou inglés, un científico pode ler un

libro da súa especialidade nestas linguas: estoutro vocabulario é practicamente idéntico e permite esta agradable sorpresa.

¿E a que se debe esta semellanza? A que o vocabulario científico procede todo da mesma fonte: o léxico greco-latino. Este é como un monte común do que tódolos pobos de Occidente son co-propietarios e ó que poden ir busca-la leña e o toxo que precisan. Ata tal punto é semellante o vocabulario científico e técnico no mundo enteiro que podemos afirmar que, por baixo da pomposa importancia que se lle atribúe, realmente non deixa de ser un barallete, unha xiria propia do novo gremio social.

Isto explica que a xente dea en pensar, cando ve un libro científico galego, que está escrito en castelán. E, ó revés, cando algúns políticos falan en galego no que aparecen palabras do barallete científico (cultismos), a xente que non pertence ó gremio veña a dicir que non dá entendido ese galego tan requintado e que, no seu eterno complexo, cheguen a pensar que eles non saben fala-lo galego.

Xesús Ferro Ruibal

modelos de documentos

O CERTIFICADO

Un certificado ou certificación é o recoñecemento oficial e por escrito dun feito. É un documento público de moita importancia porque constitúe o vehículo legal a través do que os datos e os feitos do mundo documental circulan entre os diferentes ámbitos dos administrativos para produciren os efectos máis diversos. Cada ámbito da administración posúe unha regulación específica tocante á potestade para a expedición de certificados, aínda que tamén existe unha

normativa máis xeral para todo tipo de certificados (Lei de Procedemento Administrativo, artigo 6, Orde do 31 de decembro de 1958).

Deixaremos de lado aquí a cuestión de a que dependencias lles corresponde en cada caso a expedición de certificados e que requisitos previos son precisos ou quen ten que asinalos, dado que cuestións deste tipo están perfectamente reguladas no aparato normativo de cada institución.

Ocuparémonos máis ben de facer algúns comentarios ó aspecto formal dos certificados que incluímos como modelos.

Un certificado é un documento mediante o que alguén fai consta-la veracidade de algo; daquela temos dous elementos fundamentais: a persoa que certifica e aquilo que se certifica. Pois ben, segundo a importancia que se lle teña que dar a cada un deles, podemos distinguir de entrada dous grandes tipos de certificacións, que exemplificamos a seguir:

(1) _____
(Nome e apelidos de quen certifica) _____, como _____

CERTIFICO: (1.º) Que _____
(2.º) Que _____

E para que conste e produza os efectos oportunos asino este certificado a petición de **(persoa ou entidade interesada)** _____
_____ de _____ de 19 _____
(sinatura)

(2) _____
(Nome e apelidos da persoa da que se certifica algo)

CERTIFICO: Que estes datos son certos e correspóndense cos que figuran nos documentos orixinais que gardamos neste/a _____ (organismo) _____, do/a que son responsable.
_____ de _____ de 19 _____

..... (Cargo)
..... (Sinatura)
..... (Nome e apelidos)

No modelo (1), o máis usual dentro da administración, poñeremos ó primeiro o nome e apelidos de quen asina a certificación e logo o seu cargo, precedido ou non dunha locución explicativa ("como"). Virá despois a fórmula fixa de introdución da certificación, que irá abaixo, e se queremos salientala, en maiúsculas; será, pois: CERTIFICO. Repárese en que empregámo-la primeira persoa do verbo, preferible á terceira, de cara a crear un estilo máis directo. A seguir desta fórmula introduciremos mediante a conxunción "Que" a certificación propiamente dita, aquilo que se recoñece oficialmente, comenzando por unha construción do tipo: "Dos datos que posuímos neste/a (organismo) se desprende que".

Normalmente, poñeremos seguidamente nome e apelidos da persoa á que fai referencia a certificación e tamén a súa relación coa institución ou calquera outro dato que permita a identificación da persoa, e pasaremos á materia propia do certificado.
O Certificado rematará coa fórmula fixa "E para que conste...", segundo se introduce no modelo (1), engadindo, se cómpre, algún elemento ("Por orde de...", "Co visto e praxe de...", etc.). Rematará o certificado co lugar e data de expedición, consignando o día e mailo ano en cifras e o mes en letras.
O modelo (2) utilizarase cando se trate de certificar datos moi precisos, extraídos de arquivos e predomine no certificado o

valor do organismo sobre o da persoa concreta que o expide.
Seguindo as normas que se deducen dos modelos presentados, imos ver agora algún exemplo concreto de certificado, dentro dun ámbito tamén moi concreto como é o das corporacións locais, onde este tipo de documentos teñen moita circulación: son dous modelos de certificados de empadramento, de acordo cos dous modelos anteriores:

(3)

CERTIFICADO DE EMPADROAMENTO

....., como Secretario/a Xeral do Concello de

CERTIFICO: Que (nome e apelidos) con D.N.I., que vive en/na (endereço) desta cidade, figura no Padrón Municipal de Habitantes vixente.

E para que conste e produza os efectos oportunos, asino este certificado, a pedimento d por Orde do Sr. Alcalde e co seu visto e praxe.

..... de de 19

Visto e praxe

O Alcalde

(Nome e apelidos) (selo)

Nome e apelidos

Sinatura do xefe de sección ou negociado

Certificado de empadramento a efectos de

Apelidos e nome

D.N.I.

Figura no Padrón de Habitantes vixente deste Concello, cos seguintes datos:

Domicilio:		Número	Escaleira	Piso	Letra
Rúa, praza, avenida, lugar					
Distrito	Código postal	Teléfono			
Lugar e data de nacemento			Día	Mes	Ano
Poboación			Concello		
Data da inscrición no Padrón			Anos de empadramento		
.....			de de 19		

(Sinatura do xefe de sección ou do negociado)

O Secretario

(selo)

(nome e apelidos)

Os modelos que ofrecemos como exemplo adaptaranse a cada caso concreto (referímonos sobre todo ós máis xerais que puxemos en primeiro lugar); o


fundamental é procurarmos sempre (en calquera tipo de documentos) conxuga-la clarezza e a concisión coa precisión; deste xeito seguiremos na liña de facer da

linguaxe administrativa, dentro das marxes de corrección e aínda co inevitable formulismo, unha linguaxe sinxela e directa, é dicir, intelixible.

A UNIVERSIDADE

Abeirámonos neste número á estrutura administrativa da Universidade de Santiago. Cómpre termos en conta que a Universidade se acha nun proceso de desenvolvemento da L.R.U., e así o Claustro Constituínte deberá nestes vindeiros meses elabora-los estatutos polos que se vai rexe-la Universidade Galega. Obviamente, calquera organigrama que presentemos hoxe aquí ten de ser por forza con carácter provisorio, mentres agardamos polas posibles reestruturacións que veñan da man do traballo estatutario deste curso.


Velaquí o organigrama:



1.-Órganos de goberno da Universidade

A maior autoridade académica da Universidade é o seu máximo representante é o Rector, que executa os acordos do Claustro e da Xunta de goberno. Está asistido por cinco Vicerrectores: de organización académica e profesorado, de investigación, de asuntos económicos, de estudantes e actividades culturais, e de centros. Ademais, conta coa colaboración dun Secretario Xeral, dun Vicesecretario e Coordinador de Servicios Xerais, e mais dun Xerente.

Dentro dos órganos colexiados, o máximo órgano representativo da comunidade universitaria é o **Claustro Universitario Constituínte**, que actualmente está a elabora-los estatutos da Universidade; entre as súas funcións tamén están a elección do Rector e maila aprobación das liñas xerais de actuación da Universidade. Está integrado por representantes de tódolos estamentos universitarios: profesores doutores, profesores non doutores, alumnos e persoal de administración e servicios, segundo as seguintes porcentaxes:



A **Xunta de goberno**, presidida polo Rector, é o órgano ordinario de goberno da Universidade; está integrada polos Vicerrectores, Decanos, Directores das Escolas Técnicas Superiores, o Xerente e o Secretario Xeral, así como representantes do Profesorado e dos PAS.

Amais destes, a L.R.U. prevé a creación do **Consello Social**, que será o órgano de participación da sociedade na Universidade, encargándose, entre outras cousas, da aprobación do seu presuposto e da súa programación plurianual.


2.- Órganos de goberno dos Centros.

A autoridade e representación dos Centros Universitarios correspóndelles ós Decanos nas Facultades e ós Directores nos outros casos, asistidos polos Vicedecanos ou Subdirectores, respectivamente. Como órganos colexiados actúan as Xuntas de Centro (Facultades, Escolas ou Institutos Universitarios); as súas competencias serán definitivamente determinadas polos Estatutos.

3.- Os servizos administrativos.

Os servizos administrativos dos centros corresponden a cadanseu Negociado, que se ocupan dos plans de estudo, dos asuntos económicos e mais da matrícula.

O Rectorado, que é onde se centralizan tódolos asuntos económicos e administrativos da Universidade, ten unha organización máis complexa, que a seguir reproducimos:



Ana I. Boullón Agrelo
Fernando R. Tato Plaza

ALGUNHAS CUESTIÓNS GRÁFICAS

E facilmente comprensible a necesidade de que os textos administrativos (e todos en xeral, coas especificidades propias de cada rexistro) sexan o máis intelixibles posible, que procuren a súa expresividade e funcionalidade máximas e que reflexen unha distribución e corrección que facilite os seus fins. E isto no só no aspecto conceptual ou significativo, senón tamén na súa vertente gráfica.

Distintos aspectos como o uso das maiúsculas ou das minúsculas, de abreviaturas, dos signos de puntuación, a división silábica..., son tamén obxecto de atención gramatical. Sobre algúns destes temas trataremos máis ou menos pormenorizadamente en posteriores ocasións, e limitáremos aquí, aínda que só sexa para poñermos en evidencia a necesidade de coherencia e fixación nestas cuestións,

a reseñar algunhas delas de normal aparición e que ás veces son incorrectamente tratadas.

Respecto da acentuación gráfica, soamente falaremos de dous casos:

— Os adverbios en *-mente*, incluídos os formados sobre adxetivos que levan acento gráfico (*común, rápido...*), non se acentúan: *comunmente, rapidamente, sinxelamente...*

— Os pronomes demostrativos (*este, ese, aquel...*), o indefinido *un* e os interrogativos ou exclamativos (*cal, cando, canto, como, onde, que...*) tampouco se acentúan: *das tres propostas, só apoio esta; supoño que será un deles; ¿cal dixeches?; pregunteille cando se faría; ¿como estás?; non sei onde atopalo; ¿que pasou?* Só levarán acento nos casos en que se poida producir confusión de sentido: *a Conselle-*

ría sabe que pasou nestes centros / a Consellería sabe que pasou nestes centros.

No tocante ó uso do guión, cómpre advertir que cando coincide en final de liña, sempre hai que repetilo a comezo da liña seguinte: *supoño que tomarán medidas para facilita- / -las comunicacións; neste caso, a propia entidade sub- / -rogárase; a fin de contas, é un problema de inter- / -relación; esta decisión ten graves consecuencias socio- / -económicas.*

Finalmente, en canto á división silábica das palabras no final da liña, hai que ter en conta que os dígrafos *ll, ch, rr* e *nh* non se separan: *bri- / llante, re- / chamante, co- / rrosión, ning- / nha.*

Procuremos, pois, garda-la debida corrección nestes principios ortográficos.

C.D.A.

ONDE / ONDA / ONDA NON:

Reparemos en dúas palabras galegas que sendo moi semellantes na súa forma son moi diferentes na súa función. Referímonos ó adverbio **ONDE** e á preposición **ONDA**.

O adverbio de lugar **ONDE** ten multiplicidade de significados e pode usarse como **interrogativo** (“¿Onde te-los papeis”) e **relativo** (“A casa onde pensamos face-la reunión”). Con **sentido locativo** (sitio ou lugar) pode ir acompañado de preposición, indicando movemento: o lugar a onde se vai (“O pobo a onde vas”), por onde se vai (“Aínda non se sabe por onde virán”) ou de onde se vén (“A

cidade de onde procede o comunicado”). Sen preposición sinala o lugar onde se está (“Estamos onde dixemos”), non indica, pois, movemento.

A preposición **ONDA** ten o significado de “xunto de”, “á beira de”, “a carón de”, “ó pé de...”: “Nas reunións sempre se sentaba **onda** min”; “ponte **onda** nós que ves mellor”; “cheguei **onda** o coche en cinco segundos”.

As diferencias de significados podemos velas claramente en frases coma: “Chegou **onda** el e preguntoulle de onde viña”; “foise **onda** eles para dicirlles por onde tiñan que vir”.

ONDA, amais do valor preposicional pode ter valor de conxunción condicional se vai seguida da partícula negativa **NON**: “Supoño que o poderás facer, **onda non, dimo**”; “deberás entregalo no rexistro, **onda non na delegación**”.

Prestemos, xa que logo, atención a estes aspectos e teñamos en conta as súas diferencias. E, sobre todo, evitémolo castelanismos **donde** que con frecuencia introducimos nos nosos textos.

M.ª Carme Ares Vázquez

SOBRE OS DICCIONARIOS GALEGOS

Un dos maiores problemas cos que nos atopamos a cotío á hora de normalizala nosa lingua, é a falta dun dicionario galego de carácter xeral feito co rigor necesario. A xente que pretende desenvolver-lo seu traballo en galego e o público en xeral preguntábase a miúdo cal é o mellor dos dicionarios que están hoxe á nosa disposición. Isto lévanos a facer aquí un breve comentario sobre algúns deles, indicando as súas virtudes e os seus defectos máis notorios. Ningún é perfecto, pero como, necesariamente, temos que botar man deles, hai que manexalos con algunhas precaucións. Como características xerais pódense sinalar as seguintes: son bilingües case sen excepción, castelán-galego ou galego-castelán; como normalmente se inclúen uns a outros, os erros dun reaparecen no seguinte; todos teñen, con maior ou menor abundancia, castelanismos, hiperenxebrismos, variantes dialectais sen solucionar etc., e ademais proceden cunha total anarquía ortográfica; en xeral non son obras de lexicógrafos profesionais e as voces neas incluídas non están contrastadas coa fala viva nin coas demais linguas romances.

Entre os dicionarios máis utilizados están os seguintes:

- Leandro Carré Alvarellos, **Dicionario Galego-Castelán**, (A Coruña, 1928-31), con varias edicións posteriores; a de 1984 é unha edición facsímil da 8ª. Inclúe tamén un vocabulario castelán-galego. É un bo dicionario en canto ás definicións, pero non respecta a fonética dos cultismos. Ademais do material recollido directamente polo autor, introduce palabras de textos medievais, que van sinaladas cun asterisco.

- Eladio Rodríguez González, **Dicionario Enciclopédico Galego-Castelán**, 3 volumes (Vigo, 1958-61); bastante extenso, contén todo o material incluído nos dicionarios que o precederon, e outro recollido polo propio autor. Soe dar sinónimos e palabras de significación afín. Moitas das definicións van acompañadas de ditos, modismos, refráns e noticias de carácter etnográfico. Sen embargo, introduce poucos cultismos e ademais admite castelanismos, latinismos, helenismos, etc., tomados directamente do vocabulario castelán. O último volume complétase cun apéndice dos editores, no que se engaden unhas 5.000 voces tomadas principalmente dos materiais publicados por Aníbal Otero en **Cuadernos de Estudios Gallegos** (1948 e ss.) e **Archivum** (Oviedo, 1953 e ss.), e mais

unha reedición do **Vocabulario castelano-galego** das Irmandades da Fala, revisado.

- Xosé Luis Franco Grande, **Dicionario Galego-Castellano** (Vigo, Galaxia, 1ª ed. 1968, 8ª ed. 1983). É o dicionario de máis difusión, e tamén un dos que recolle maior número de voces, aumentadas ó longo das sucesivas edicións, aínda que, en xeral, non recolle as palabras comúns co castelán. Recolle practicamente todo o dos seus predecesores e moitas voces novas recollidas polo autor, pero ten os mesmos defectos que apuntamos antes no que se refire ás variedades dialectais, cultismos, etc. Tamén dá os sinónimos.

Dos dicionarios castelán-galego, sinalámo-los seguintes:

- José Santiago Crespo Pozo, **Contribución a un vocabulario castelano-galego**, (Madrid, 1963); 2ª edición **Nueva contribución a un vocabulario castelano-galego**, vol. I (A-F), Ourense, 1972. Posteriormente publicáronse os volumes II (F-J) e III (L-P), en Edicións do Castro, A Coruña, 1979 e 1982, respectivamente. Sò recolle como lemas as palabras castelás que teñen equivalente en galego; a pesar de non estar completo e de non pretender ser máis que unha contribución, é un dos dicionarios máis apreciados porque indica a fonte de onde se toman as palabras, xa sexan os textos escritos ou a lingua viva, o que é importante desde o punto de vista da fiabilidade que aquelas merecen.

- Fermín Fernández Armesto, **Dicionario castelán-galego**, Edicións do Castro, A Coruña, 1981; 2ª ed. 1982. Ademais das aportacións persoais do autor conta cos antecedentes do **Vocabulario gallego-castellano** das Irmandades da Fala, os dicionarios de L. Carré e X.L. Franco Grande e o do P. Crespo, citado anteriormente. Ás veces, xunto ás palabras galegas aparecen outras tomadas directamente do dicionario portugués non sempre existentes en galego.

Os últimos traballos neste terreo consisten en dicionarios de pequena extensión, pero coa vantaxe de estaren tódalas entradas contrastadas coa fala viva, a etimoloxía e o parentesco coas outras linguas romances. Son:

- Xosé Xove, Instituto da Lingua Galega, **Choca. Vocabulario Elemental Galego**, Galaxia, Vigo, 1981.

- Instituto da Lingua Galega, **Dicionario Básico da Lingua Galega**, Ed. Xerais, Vigo, 1980.

Ámbolos dous están ilustrados e dirixidos ós nenos. O primeiro recolle

unhas 4.000 voces e o segundo unhas 2.000, con definicións ás veces inxenuas ou imprecisas, como xa sinalan os seus autores, en atención ó tipo de lectores ós que van dirixidos. Non obstante, poden ser tamén útiles para adultos con escasos coñecementos de galego.

- **Dicionario galego-castelán, castelán-galego**, Ed. Nós. A Coruña, 1982. Contén aproximadamente 8.000 palabras; recolle o material dos dous anteriores e engade outro novo.

Finalmente, está o **Dicionario Galego Ilustrado Nós**, Ed. Nós, A Coruña, 1983. Consta de 5 volumes dos que só se publicou o primeiro (A Champ). E o que ten máis voces e está integramente en galego (?). Xunto a definición das palabras soe dar sinónimos, antónimos, frases, refráns, etc., e tamén a etimoloxía. Introduce moitos cultismos. Non segue totalmente a normativa ortográfica vixente e dá paso, incomprensiblemente, a castelanismos rexeitados.

Hai tamén outros traballos sobre léxico, a maior parte deles vocabularios parciais, que teñen máis interese para o filólogo. Son, por exemplo: Constantino García, **Léxico de la comarca compostelana**, (Santiago, 1974), M.ª del Carmen Enríquez, **Léxico de O Grove**, (Santiago, 1974); A. Otero, **Léxico de San Jorge de Piquín**, (Santiago, 1977); M.C. Ríos, **Nomenclatura de la flora y fauna marítima de Galicia. I. Invertebrados y peces**, (Santiago, 1977).

Resumindo, hoxe por hoxe, aínda que en cantidade podemos considerar aceptable o número de obras lexicográficas para o noso idioma, non podemos dicir outro tanto da calidade das mesmas e, a falta do dicionario "definitivo", insistimos unha vez máis no coidado co que debemos manexa-los existentes.

**María Miramontes Castro
Mercedes Penoucos C.**

LEXISLACIÓN SOBRE A LINGUA GALEGA. Consellería de Educación e Cultura. Dirección Xeral de Política Lingüística, 1984, 66 páxinas.

Esta é a primeira publicación da Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia que recolle tódalas disposicións dictadas pola Consellería relativas á lingua galega.

Se ben é certo que, como moi ben se sinala no Limiar, o libríño ten como obxectivo fundamental informar ós distintos niveis educativos, para que o profesorado teña coñecemento da devandita lexislación, parécenos que isto non debería ser impedimento para que se incluísen outras disposicións que desenvolven a Lei de Normalización Lingüística, como é o caso dos Decretos de constitución da Comisión de Toponimia e o de fixación oficial dos topónimos das Vilas galegas nas que existen Notarías.

REVISTA DE LENGUA I DRET. Escola d'Administración Pública de Catalunya. Número 4. Novembro 1984. 226 páxinas.

Regularmente a Escola d'Administra-

ció Pública de Catalunya, vén editando unha revista pioneira no Estado español, se nos atemos á súa especialidade. Aínda que a revista está aberta ós temas sociolingüísticos e filolóxicos, como moi ben queda recollido no seu nome, recolle sempre artigos que estudian o tema da lingua dende a perspectiva xurídica.

A investigación filolóxica na documentación xurídica e administrativa ocupa moitas páxinas en cada un dos números de "LENGUA I DRET". No número 4 salientámo-lo artigo de Carles Duarte, Josep Ferrer e Ramon Torrents, sobre o aproveitamento da documentación medieval no establecemento da linguaxe administrativa catalá actual.

E ampla, tamén, a información elaborada por Joan R. Solé e o apartado adicado á Lexislación e Xurisprudencia, que dirixe Antoni Milian i Massana.

EL LENGUAJE JURIDICO. Cesáreo Rodríguez-Aguilera. Ed. Bosch. 1969.

"Todo jurista debiera ser gramático, puesto que el arte de hablar y escribir correctamente una lengua es noción elemental de gramática". Aseveracións

deste teor atópanse a oito neste libro. O autor, pola súa condición de xurista, dálle unha importancia decisiva ó emprego que se poida facer da linguaxe nas instancias xudiciais, aínda que como puntualiza "desde la gramática no se ha de caer en el gramaticalismo". Nembragantes, para el, para os xuristas, a palabra é a materia prima, porque as leis están feitas con palabras, como as casas con ladrillos. Os xuristas son -engade- enxeñeiros das palabras.

Estabece o autor unha comparanza que resume en parte a súa preocupación. "Na linguaxe xurídica soe preceder longa e reflexiva análise, antes de fixa-la expresión sintética. Na linguaxe literaria, pola contra, o analítico e o sintético irrompen xunguidos e inseparables vitalmente, nun acto de creación intuitiva".

Noutra pasaxe sentencia: "hoxe o xurista é consciente dunha necesaria evolución da súa linguaxe cara a expresións máis simples, ó alcance de todo o mundo ou do maior número posible de persoas".

Xosé González Martínez

terminoloxía

MODELO DE FICHA LEXICOGRÁFICA

Unha das necesidades lingüísticas do galego na súa reincorporación ós novos ámbitos de uso é a confección do vocabulario referente ás distintas disciplinas técnicas (medicina, física, psicoloxía, economía, dereito...). No noso traballo cotián, e deixando á parte o léxico específico do nivel administrativo ou xurídico, é común atopar numerosas voces, en xeral de carácter culto, propias duns niveis lingüísticos máis ou menos especializados ou técnicos. Hai que ter en conta que, ata agora, a lingua empregada nesas niveis era exclusivamente o castelán e que é precisamente a través del (normas e procedemento legal, todo tipo de documentación...) por onde se plantexan os problemas terminolóxicos.

Para lles dar solución a estas cuestións

léxicas, ás veces conflictivas, e partindo de modelos existentes noutros países con máis tradición lexicográfica, confeccionouse un modelo de ficha que sirva para unha certa unificación no estudo de cuestións terminolóxicas.

Como vemos, trátase de recolle-los datos contrastivos que posibiliten a formulación de equivalentes galegos para designa-los conceptos plantexados. Sinteticamente, acódesse ós termos que ofrecen outras linguas, tense en conta a posibilidade de documentación antiga e a existencia actual (non esquezámo-la posibilidade de que palabras patrimoniais e de uso corrente amplíen o seu significado: beira, canle,...), e búscase a solución segundo os diversos contextos nos que apareza o término.

Nunha situación normal, habería un

órgano centralizador deste labor, que dirixiría e impulsaría toda esta tarefa. De momento, diremos que esta ficha lexicográfica funciona nos traballos da sección de linguaxe administrativa do Instituto da Lingua Galega, da coordinadora de linguaxe administrativa e dos organismos que teñen servizos de tradución (Diario Oficial de Galicia, Parlamento e Rectorado da Universidade).

Desde estas páxinas, á parte da súa presentación, queremos ofrecer-la posibilidade de colaboración coa sección de linguaxe administrativa a todas aquelas persoas (funcionarios principalmente) interesadas.

"Lingua e Administración"



NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

"A IGNORANCIA DAS LEIS NON EXCUSA DO SEU CUMPRIMENTO" (ARTIGO 6.1.º DO CODIGO CIVIL).

Un representante do pobo de Ribadeo (Concellal e Tenente de Alcalde polo BNG) presentou en novembro do pasado ano unha moción naquel Concello, sobre o verquido por parte dun mercante de varios bidóns de produtos contaminantes na que propoñía que se pediran explicacións sobre este feito, e se adoptarían medidas para reparalo e evitalo no futuro.

A Corporación aproba a moción, remítea á Comandancia de Mariña de

Ferrol e a resposta do titular deste órgano é a seguinte:

"Tengo el gusto de devolverle los antecedentes del "anexo" para que el escrito del Concejal de ese Ayuntamiento sea redactado en español. Dios guarde a Vd. muchos años". O "asunto" do oficio de devolución di sinxelamente: "idioma oficial del Estado".

Feitos coma este, que non é o primeiro, dan bastante que pensar sobre a posibilidade de ámbitos exentos da normativa vixente no territorio da Comunidade autónoma galega, sobre o respecto e protección á pluralidade lingüística que se dá no seo do Estado por parte do Goberno

Central e a administración periférica del dependente...; polo de pronto cómpre dicir que o texto da moción obxecto da devolución é exquisitamente respetuoso e perfectamente comprensible para calquera castelán-falante cun mínimo nivel cultural, que o concellal e mailo concello de Ribadeo están no seu dereito de expresarse e remitir documentación a calquera persoa ou institución radicada no territorio galego e que a reacción da Comandancia só é comprensible plenamente se pensamos no suposto contrario: imaxinemos que a Comandancia de Mariña se dirixe ó Concello de Ribadeo pedindo que se incremente a vixilancia

2	DILAPIDAR	Contexto O apoio á pequena e mediana empresa, hoxe por hoxe, non é despilfarrar-lo gasto público.	8 Founts Diario de Sesións do Parlamento de Galicia, núm. 98, p. 34.
1	DESPILFARRAR	3-Portugués esbanjar, delapidar, malgastar, estragar -Castelán despilfarrar, (derrochar, dilapidar, malgastar). -Francés gaspiller, dilapider... -Italiano sprecare, sperperare, sciare, lacquare -Catalán malbaratar, malversar -Inglés to waste, squander -Latín _____ -Galego med. _____	7 Data 4-9-84
2	(Término que se plantexa)	Economía	2 (Posible equivalente galego)
4	Contexto	5 Posible definición "Gastar diñeiro sen necesidade en moita ou máis cantidade do necesario ou prudente".	9 Fijo a ficha: X.L. Castro
3	-Portugués	-Portugués	4 Contexto
-	-Castelán	-Castelán	5 Posible definición
-	-Francés	-Francés	8 Fonte
-	-Italiano	-Italiano	9 Fijo a ficha:
-	-Catalán	-Catalán	
-	-Inglés	-Inglés	
-	-Latín	-Latín	
6	Campo semántico	6 Campo semántico	7 Data



costeira... e que o Alcalde volve o expediente dicindo: "Asunto": idioma oficial e propio de Galicia "teño o gusto de volverlle o expediente para que sexa redactado en galego". En ámbolos dous casos estariáanse a expresar dúas cousas: unha perogrullada ou verdade parcial no asunto e un desexo político no texto. Orabén, se considerámo-lo asunto desde un punto de vista xurídico, dentro do territorio galego e segundo a legalidade vixente ningún dos dous escritos é de recibo, porque os dous idiomas son igualmente oficiais conforme á Constitución, ó Estatuto e á Lei de normalización lingüística, que obrigan a tódalas persoas e institucións radicadas en Galicia.

Un posible factor de confusión que convén aclarar neste aspecto é o artigo 187 da Lei 85/78, do 28 de decembro, de Reais Ordenanzas das Forzas Armadas. Este precepto di: "nos actos e relacións de servizo, os componentes das Forzas Armadas empregarán o castelán, idioma oficial do Estado. En actividades militares combinadas ou por necesidades técnicas, poderanse empregar outros idiomas"; verbo desta disposición cómpre sinalar dúas cousas:

1) Que se refire exclusivamente a actos

ou actividades internas (entre membros ou órganos do exército e en actos de servizo) e que polo tanto non abrangue en ningún caso a persoas e entidades non suxeitas ó estatuto militar e

2) Que revela como unha concreta administración ou entidade pode facer unha política lingüística dentro de e respetuosa coa legalidade de prima-lo uso dunha das linguas oficiais: para a administración militar nas súas relacións internas só se empregará o castelán e para tódolos poderes públicos galegos rexe a obriga estatutaria de potencia-lo uso do galego en tódolos planos da súa vida interna e externa, sen que unha administración galega poida esixir dun ente militar a tradución nin o dobre texto dos seus escritos, nin viceversa, pois como di o art. 6.2 da Lei 383 "as actuacións administrativas en Galicia serán válidas e producirán os seus efectos calquera que sexa a lingua oficial empregada".

Por certo, que a Comandancia militar de Mariña é mais respetuosa co topónimo ferrolán cá "Consellería de Turismo, Juventud y Deportes de la Xunta de Galicia" que en publicacións oficiais deste ano segue a porlle o "Del Caudillo".

Sara Thisdall

A ASOCIACIÓN DE TRADUCTORES GALEGOS

Botando de conta que as traducións ó galego deben desempeñar un papel relevante no proceso de normalización da lingua galega, pois que, ademais de nos serviren as creacións literarias doutras culturas na lingua de noso, teñen que nos proporcionar elas un importante volume de obras literarias que o tal proceso demanda sen que a produción orixinal aquí estea hoxe por hoxe en condicións de nos ofrecer, e pensando en que a utilización racional de tódolos recursos dos que dispoñemos na actualidade para o caso debe permitir un notabilísimo incremento na cantidade e mesmo unha certa mellora na calidade destas traducións, un grupo de persoas con experiencia na tradución de libros ó galego acordou a constitución da Asociación de Tradutores Galegos. Foi en Santiago de Compostela, o día 25 de maio de 1984, no Instituto da Lingua Galega, onde ten o seu domicilio social a ATG. Conta esta Asociación cun número de membros, tradutores ó galego con obra publicada en edicións comerciais, que reborda o medio cento.

Son finalidades estatutarias da ATG — amais de procura-la mellora das condicións de traballo e a defensa dos seus asociados, acolléndose ás recomendacións da Conferencia Xeral da UNESCO, de novembro de 1976, para a protección

xurídica dos tradutores— o mirar pola calidade das traducións á lingua galega, estimula-la tradución de toda clase de textos ó galego e propicia-la formación de tradutores galegos. Para isto, a ATG vai xestionar-la elaboración de instrumentos de traballo como son o manual do tradutor, vocabularios específicos, coleccións de ditos e expresións doutras linguas cos seus equivalentes galegos, etc.; elaborará plans de traducións de obras literarias, de investigación, divulgativas, etc., estudiando coas editoras as posibilidades de publicación das mesmas; así como debe organizar toda clase de actividades encamiñadas a perfeccionar-la formación dos membros da Asociación e mais á capacitación de novos tradutores.

Polo pronto, no ano que corre, a ATG está a traballar na tradución dunha serie bastante ampla de obras, maiormente dirixidas ós lectores infantís e xuvenís por considerarse que é de extrema necesidade o contarmos en Galicia cunha certa abundancia de obras en galego para estes sectores da poboación. Celebra xuntanzas periódicas dos seus asociados para estudar e coordinar criterios no tocante a diferentes aspectos lingüísticos. E vai organizar en Santiago un encontro de tradutores ó catalán, ó euskera, ó castelán, ó portugués e ó galego.

A.T.G.

Revista de Administración Galega

Publicación Semestral editada pola "Asociación de Funcionarios para a normalización lingüística de Galicia"

PROXIMA APARICION

Este número está subvencionado polos Concellos de Cambados e Fene

Subscripción Anual: 1.400 ptas.

Pedidos a "LINGUA E ADMINISTRACION" - Apartado de Correos 114 - SANTIAGO DE COMPOSTELA

DIGVIBIDVB

DESBITEVBBVB